




tecnópolis
tecnología_innovación_talento

PLAN ESTRATÉGICO



PLAN ESTRATÉXICO DO PARQUE TECNOLÓXICO DE GALICIA S.A. (Tecnópolis) 2022-2025

A SOCIEDADE

O Parque Tecnolóxico de Galicia foi creado a iniciativa da Xunta de Galicia coa finalidade de crear unha contorna de referencia en Galicia dirixido a acoller, apoiar e potenciar iniciativas empresariais innovadoras e que aposten pola tecnoloxía, a investigación e o desenvolvemento como eixes da súa actividade.

A sociedade xestora, Parque Tecnolóxico de Galicia S.A., foi constituída no ano 1991 e as instalacións do parque foron inauguradas en outono de 1992.

A composición actual do **accionariado** configura á entidade como sociedade mercantil pública autonómica que trala ampliación de capital social executada no ano 2016 é a seguinte:

| Entidade | Nº accións | Importe (€) | % Participación |
|---|------------|--------------|-----------------|
| Xunta de Galicia | 1518 | 912.333,18 | 50,52 |
| Abanca Corporación Bancaria S.A. | 1122 | 674.333,22 | 37,34 |
| INORDE | 105 | 63.106,05 | 3,49 |
| Cámara Oficial de Comercio e Industria de Ourense | 50 | 30.050,50 | 1,66 |
| Concello Ourense | 50 | 30.050,50 | 1,66 |
| Concello San Cibrao | 20 | 12.020,20 | 0,74 |
| Confederación Empresarial de Ourense | 12 | 7.212,12 | 0,40 |
| Unión General de Trabaxadores | 10 | 6.010,10 | 0,33 |
| Universidade de Vigo | 54 | 32.454,54 | 1,80 |
| UNIXEST (USC) | 54 | 32.454,54 | 1,80 |
| Universidade da Coruña | 10 | 6.010,10 | 0,33 |
| Total | 3005 | 1.806.035,05 | 100,00 |

A Sociedade está rexida e administrada por unha xunta xeral de accionistas e polo consello de administración, no que a representación da Xunta de Galicia é maioritaria.

Cadro de persoal da sociedade.

Está formado por 2 directivos e 10 traballadores con contrato laboral de carácter indefinido. A distribución por departamentos é a seguinte:

DIRECCIÓN: 1 Director xerente.

DPTO. ADMINISTRACIÓN E FINANZAS: 1 Directora de Departamento, 2 Técnicas de Administración e 2 Administrativas de Recepción.

DPTO. PROXECTOS: 3 Técnicas de Proxectos. 2 Técnicas baixo o programa Investigo da Xunta.

DPTO. SERVIZOS XERAIS E MANTEMENTO: 1 Responsable de Departamento, 1 Administrativo e apoio xardinería/mantenemento e 1 Xardineiro.

BALANCE DE TECNÓPOLE

Nestes 30 anos, a aposta multiplicouse a través dunha oferta de espazo empresarial que se foi adaptando ás novas necesidades; servizos especializados en continua evolución; infraestruturas científico-tecnolóxicas de vangarda; e a organización de eventos singulares centrados na promoción da innovación aberta.

Durante este tempo, en paralelo ao esforzo continuado de apoio ao crecemento das empresas e centros tecnolóxicos, a sociedade xestora do Parque Tecnolóxico de Galicia estivo centrado en dúas áreas polas que o labor da entidade é especialmente recoñecido hoxe: o impulso do emprendemento innovador e a divulgación científica.

AS CIFRAS DE TECNÓPOLE

30 anos en cifras:

- **389 empresas e centros tecnolóxicos** pasaron por Tecnópolis:
 - o 235 polo viveiro empresarial (edificio CEI).
 - o 45 en parcelas.
 - o 45 no edificio Tecnópolis I.

- 16 no edificio Tecnópole II.
 - 48 en domiciliación virtual.
- **7 modalidades de acceso ao Parque** desenvolvidas:
 - Venda de parcelas.
 - Cesión do dereito de superficie sobre parcelas.
 - Aluguer con dereito a compra de parcelas.
 - Aluguer de oficinas.
 - Sala de coworking.
 - Laboratorio de biotecnoloxía.
 - Domiciliación virtual.
- **Máis de 30 proxectos de I+D+I** participados pola sociedade xestora da Tecnópole.
- **6 convocatorias de programas de aceleración de empresas** postas en marcha dende Tecnópole en colaboración coa Xunta de Galicia.
- **2 Conferencias Internacionais de Parques Científicos e Tecnolóxicos** organizadas.
- **3 instalacións científico-tecnolóxicas** punteiras construídas:
 - Laboratorio de Biotecnoloxía.
 - Centro de Tecnoloxías Médicas Avanzadas.
 - Centro Experimental de Enerxías Renovables.
- **2 novos edificios abertos para instalación de empresas:**
 - Edificio Tecnópole I.
 - Edificio Tecnópole II.
- **18 Galiciencias. 1145 proxectos expostos. +30.000 visitantes presenciais.**
- **10.000 visitas nas edicións online de Galiciencia (anos 2020 a 2023)**
- **13 cursos de Aulas Tecnópole. Máis de 900 alumnos/as.**
- **11 campamentos tecnolóxicos de verán (T2W). 517 alumnos/as. Na edición online de 2020 foron 175 alumnos/as.**
- **2 edicións da Aula Newton Galicia con 2.538 alumnos visitantes.**
- **+100 espectáculos científicos** en toda Galicia.
- **5 edicións do proxecto Ciencia e Tecnoloxía en Feminino.**

Tecnópolis hoxe en cifras:

- **103 empresas, centros tecnolóxicos e outras entidades:**
 - o 36 empresas domiciliadas en parcelas.
 - o 34 empresas no Edificio CEI.
 - o 13 empresas no edificio Tecnópolis I.
 - o 5 empresas no edificio Tecnópolis II.
 - o 15 empresas en domiciliación virtual.
- **5 centros tecnolóxicos:** CIS Madeira, LOMG (Laboratorio Oficial de Metroloxía de Galicia), Centro Tecnolóxico da Carne, Centro Tecnolóxico de Incubación de Coren e o Centro de Investigación, Transferencia e Innovación da UVIGO.
- **+1.700 traballadores** (44% mulleres).
- **247 millóns de euros de facturación** en 2022.
- **255.000 m² totais** distribuídos en parcelas empresariais.
- **64.000 m² dispoñibles** en parcelas (30.000 m² da superficie inicial + 34.000 m² da ampliación).
- **8.184 m² de instalacións comúns:**
 - o 1.185 m² de salas, salón de actos, aulas e cafetería no edificio CEI.
 - o 639 m² no Laboratorio de Biotecnoloxía, o Centro de Tecnoloxías Médicas Avanzadas e a sala de coworking no edificio Tecnópolis I.
 - o 6.360 m² no Centro de Experimentación en Enerxías Renovables.

ONDE ESTÁ TECNÓPOLE HOXE E QUÉ OFRECE

Tecnópolis é hoxe unha contorna madura con ampla experiencia en servizos de apoio ao crecemento empresarial a través da innovación, en soporte ao emprendemento e en divulgación científica.

• **Espazos á medida**

Co paso do tempo, Parque Tecnolóxico de Galicia foi ampliando a súa oferta de modalidades de acceso a espazo empresarial ata configurar un catálogo de opcións adaptables a todas as necesidades:

- **Parcelas:** as empresas con actividade industrial que demandan espazo para construír naves propias teñen varias opcións para acceder ao solo que necesitan:

- Adquisición ao contado ou con pago aprazado, a partir de 35 €/m².
 - Cesión de dereito de superficie.
 - Aluguer con dereito a compra.
- **Oficinas en aluguer:** para as empresas que prefiren alugar oficinas xa construídas, ofrécense 4.350 m² repartidos entre os edificios CEI, Tecnópolis I e Tecnópolis II. Con prezos que oscilan entre os 4,25 e os 5,5 €/m²/mes de aluguer.

Cada un destes espazos conta con todo o necesario para poñer en marcha unha idea de negocio, como arquitectura de rede, acceso a salas de reunións e servizos de apoio ao desenvolvemento empresarial.

- **Sala de coworking:** especialmente pensada para profesionais independentes, esta sala ofrece seis postos de traballo que se poden reservar a demanda.
- **Domiciliación virtual:** as empresas que preparan a súa instalación na Tecnópolis ou aquelas que non precisan un espazo estable pero queren estar vinculadas ao Parque Tecnolóxico teñen a opción da domiciliación virtual.
- **Búnker de alta seguridade.** Esta instalación, situada no edificio intelixente Tecnópolis I, conta con 67 metros cadrados de superficie e tres metros de altura dispoñibles para o almacenamento de información confidencial, máis unha oficina anexa. Os sistemas de acceso e de seguridade son de última tecnoloxía e os seus paneis, selados mediante soldadura eléctrica, están testados e certificados nos niveis máximos de seguridade. Está a disposición de calquera empresa que o queira alugar na súa totalidade, coa posibilidade de prestar servizos de custodia a terceiros.

- **Infraestruturas científico-tecnolóxicas**

- **Laboratorio de Biotecnoloxía.** O uso do laboratorio está aberto a calquera empresa ou centro tecnolóxico ou de investigación de España, con tarifas especiais para as entidades situadas en Tecnópolis e os grupos de investigación das tres universidades galegas. A utilización dos equipos pode formalizarse para un período de tempo que vai dende unha hora ata o número de días, semanas ou meses que sexan necesarios.

Situado no edificio Tecnópolis I, a planta de 310 m² está dividida en dúas áreas:

- laboratorio de uso externo de aproximadamente 85 m² dispoñible para calquera entidade ou investigador interesado
- laboratorio de uso privado que ocupa uns 225 m² actualmente para uso exclusivo da empresa Akunatura de Ourense S.L. que tamén ofrece servizos de mantemento para todos os equipos instalados no laboratorio externo e ofrece asesoramento aos seus usuarios

- **Centro de Investigación en Novas Tecnoloxías Cirúrxicas Minimamente Invasivas.** O centro conta cun quirófano estéril experimental para laparoscopia en 3D, fetoscopia e outras técnicas cirúrxicas minimamente invasivas que precisen de condicións de esterilidade, con capacidade de gravación e transmisión de imaxes.

Dispón tamén doutro quirófano con catro postos para o adestramento en técnicas laparoscópicas convencionais, dous habitáculos de hospitalización para ingreso e seguimento de animais, unha unidade de simulación virtual coa que adquirir habilidades no manexo de instrumentos cirúrxicos e unha sala de videoconferencia.

Está dispoñible para o seu alugueiro a entidades interesadas en realizar actividades acordes cos seus fins estratéxicos, nunha contorna accesible e amigable como é Tecnópolis.

No Consello da Xunta do pasado 19 de maio oficializouse o acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde, a Axencia Galega de Xestión do Coñecemento en Saúde e o Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A., para a realización de actividades no Centro de tecnoloxías cirúrxicas minimamente invasivas (Tecmeva). Este acordo permitirá a sanitarios en exercicio e a residentes formarse nas últimas tecnoloxías de cirurxía minimamente invasiva.

- **Centro Experimental de Enerxías Renovables.** O CEER conta cunha sección de enerxía solar fotovoltaica deseñada como instalación de proba na que as empresas do sector poden testar as súas innovacións. Dispón dunha instalación conectada á rede eléctrica cunha potencia de 89,9 kW na que se poden probar novos compoñentes, fundamentalmente paneis solares e inversores.

- **Servizos estratéxicos de apoio ao crecemento.**
 - Asesoramento profesional e accións de apoio na promoción empresarial e desenvolvemento de negocio.
 - Identificación de contactos a través das redes das que o Parque forma parte.
 - Actualización informativa.
 - Organización de eventos e encontros para o networking.
 - Soporte á comunicación empresarial.

- **Servizos xerais de soporte a empresas**
 - Telecomunicacións (internet e telefonía IP).
 - Recepción e atención a visitas.
 - Seguridade e control de accesos.
 - Sistemas de acceso a todas as dependencias a través de tarxetas electrónicas.
 - Aulas e salas de reunións con soporte audiovisual.
 - Mensaxería e servizos de oficina (reprografía, correos).
 - Tramitación informatizada de incidencias.
 - Mantemento de instalacións e infraestruturas.
 - Xardinería.
 - Electrolínea.
 - Centro de Prevención de Riscos Laborais.
 - Cafetería/Restaurante.
 - Instalacións deportivas.
 - Heliporto.

- **Programas de aceleración de empresas.**
 - **Programa Agrobiotech Innovación:** programa para o impulso do crecemento sustentable da peme innovadora galega nos sectores biotecnolóxico, biomasa e agroalimentario (edicións 2015, 2017 e 2019).

- **Programa CONNECT-19:** programa de aceleración especializado na comercialización de solucións innovadoras para a loita contra o impacto da covid-19. Edición 2020.
- **Programa Galicia Avanza:** programa de aceleración para a internacionalización de pemes innovadoras galegas. Convocatorias: 2022 e 2023.

- **Divulgación científica**

Parque Tecnolóxico de Galicia consolidouse como entidade de referencia en Galicia no ámbito da divulgación da ciencia e da innovación entre os máis novos, co obxectivo de contribuír a despertar vocacións de futuro.

Á organización da maior feira científica para escolares que se celebra en Galicia, a **Galiciencia**, fóronse sumando novas actividades que se manteñen a día de hoxe:

- **Aulas Tecnópolis**
- **Campamento tecnolóxico de verán (T2W)**
- **Ciencia e Tecnoloxía en Feminino**
- **Aula Newton Galicia**

O Parque desde os seus inicios, 30 anos de andadura

No ano 1992 o Parque Tecnolóxico, constitúese como un dos primeiros Parques científicos e tecnolóxicos de España, logrando incorporar a tripla hélice na súa estrutura coa participación da administración (Xunta de Galicia, Deputación provincial de Ourense e os concellos de San Cibrao das Viñas e de Ourense), as universidades (presentes as tres universidades: Vigo, Santiago de Compostela no 2003 e A Coruña no 2004) e a sociedade (neste caso representada por Abanca, a Confederación de empresarios de Ourense, a extinta Cámara de Comercio e o sindicato UGT).

Ao longo destes 30 anos, Tecnópolis viu pasar polas súas instalacións 389 empresas que puideron desenvolver a súa actividade nalgún dos tres edificios que se foron incorporando á oferta de espazos para empresas residentes. O primeiro edificio, o Centro de Empresas e Innovación (CEI) con 1.723m² para oficinas abriu as súas portas no 1993, recibindo o seus primeiros tres residentes: Egatel, Coren e o Laboratorio de Metroloxía de Galicia, todos eles contan actualmente con instalacións propias. O segundo edificio, Tecnópolis I, entrou en funcionamento no 2009 con outros 1.608m² para acoller empresas e no

2008 adquiriuse o actual Tecnópole II cunha superficie adicional de oficinas de 1.403m². Dende 2009 a superficie de espazo en aluguer mantívose en 4.734m².

No 2005 iníciáanse os traballos para a ampliación de Tecnópole ao non contar con parcelas de gran superficie. No 2013 finaliza a primeira fase de ampliación da superficie do Parque, que cunha inxección de 1,5 millóns de euros de investimento por parte da Xunta permitiu habilitar máis de 37.000m² para novas parcelas. No 2021 fírmase o protocolo de actuación para levar a cabo unha segunda fase de ampliación do Parque, que se traducirá en 34.000m² de solo lucrativo.

En canto aos servizos ofrecidos, no 1996 ábrese a cafetería e no 2005 inaugúrase a escola infantil para nenos de ata 6 anos con servizo de comedor e xornada estendida. No 2007 instálase WIFI en todo o recinto. No 2012 inaugúrase o primeiro espazo de coworking da provincia de Ourense. No 2019 ten lugar a reapertura das instalacións deportivas, obtidas en concesión gratuíta no 2017 e por un período de 10 anos prorrogables ata un máximo de 75.

Dende os seus inicios, Tecnópole formou parte das asociacións de parques tecnolóxicos nacional (APTE Asociación de Parques Tecnolóxicos de España fundada había só 3 anos) e internacional (IASP International Association of Science Parks), o que permitiu unha aprendizaxe baseada nas experiencias dos seus asociados. No 1996 Antonio Tabarés, xerente do Parque, asume a presidencia de APTE durante un período de dous anos. No 2008, Tecnópole acolle a VII Conferencia Internacional de APTE. No 2016 Tecnópole intégrase na Enterprise Europe Network, a maior rede mundial de información e asesoramento a pemes para promover a súa competitividade a nivel internacional.

Tecnópole comeza a súa actividade como referente en investigación e innovación. É no 1994 cando se instala no Parque o primeiro centro tecnolóxico, o Laboratorio de Metroloxía de Galicia (LOMG) que realiza servizos de calibración, medida, ensaio e control metrolóxico de instrumentos e produtos, así como metroloxía legal. En 1996 nace o Centro de Innovación e Servizos da Madeira (CIS-Madeira) dentro do edificio CEI que alcanza a plena ocupación. Ambos centros tecnolóxicos múdanse a edificios propios no ano 1998 e 1999. No 1997 Coren inaugura o seu Centro Tecnolóxico de Incubación, situando á empresa ourensá na vangarda do sector avícola. Durante o 1999 instálanse en parcelas propias Laddes Works, Celcoauto e Egatel. Son seguidas pola apertura das instalacións de Roberto Verino e Coasa. No ano 2000, un novo centro tecnolóxico instálase en edificio propio, o Centro Tecnolóxico da Carne, centrado na dinamización e mellora da capacidade competitiva do sector agroalimentario, promovido pola Xunta e co Parque Tecnolóxico como membro do seu padroado. No 2006, Tecnópole e a Universidade de Vigo poñen en marcha a Preincubadora de proxectos empresariais, aberta aos proxectos de emprendemento de alumnado acabado de graduar. No 2010 nace TECMEVA, o proxecto de Tecnoloxías Médicas de Vangarda e a súa posta en marcha materialízase nun Centro de

Investigación en Novas Tecnoloxías Cirúrxicas Minimamente Invasivas, no edificio Tecnópole I. No 2023 asínase un convenio co SERGAS para a realización de actividades de formación en TECMEVA.

Coas empresas sempre no punto de mira, nestes 30 anos de actividade Tecnópole liderou diversas iniciativas. No 2004 comezan *Os almorzos tecnolóxicos*, concibidos como encontros empresariais de formato reducido, onde se abordan temáticas relacionadas coa competitividade. No 2008 desenvólvese *Tecnópole emprende*, un programa que impulsou tres equipos emprendedores con ideas de negocio de base tecnolóxica. No 2011 lévase a cabo un *Programa Piloto de Impulso do Crecemento Empresarial* do que se benefician 13 empresas galegas, ás que se lles realizou un diagnóstico personalizado do seu modelo de negocio, base para o deseño dun plan de crecemento empresarial. No 2013 iníciase o ciclo empresarial *Os mércores de Tecnópole*, para contribuír á posta en valor da innovación das empresas residentes. No 2015 celébrase a primeira edición do programa de aceleración *Agrobiotech Innovación*, centrado no impulso do crecemento sostible da peme innovadora galega nos sectores biotecnolóxico, biomasa e agroalimentario. Desenvolveuse unha segunda e terceira edicións no 2017 e 2019. A raíz da crise ocasionada pola pandemia de COVID-19, e amosando a gran capacidade de adaptación de Tecnópole, nace no 2020 o programa de aceleración especializado *CONNECT-19*, co obxectivo de impulsar o acceso ao mercado de solucións innovadoras do tecido empresarial galego. No 2022 dá comezo a primeira convocatoria do programa *Galicia Avanza*, un programa de aceleración para a internacionalización de pemes, desenvolvido entre Tecnópole, GAIN e IGAPE. No 2023 desenvólvese unha segunda convocatoria de Galicia Avanza. No 2023 iníciase un novo servizo de diagnóstico de innovación.

A divulgación científica foi outro dos grandes piares de Tecnópole. No 1999 organízanse as conferencias “Muller e tecnoloxía”. No 2001 realízase a primeira actividade ao redor da Semana da Ciencia e a Tecnoloxía que para o ano 2004 contaba con 2.000 participantes. Xa no 2006 celébrase a primeira edición de Expociencia, que evolucionaría en Galiciencia, actualmente unha das feiras de divulgación científica máis importantes de España. No 2010 nacen as Aulas I+D como xerme das actuais Aulas Tecnópole, dirixidas ao fomento de habilidades innovadoras no estudantado. No 2013 ten lugar a primeira edición do T2W, o primeiro campamento tecnolóxico estival de Galicia. No 2017 desenvólvese a primeira edición de *Ciencia e Tecnoloxía en Feminino*, en colaboración con APTE, para fomentar as carreiras científico-tecnolóxicas entre as rapazas. A incorporación máis recente aos proxectos de divulgación científica de Tecnópole foi a *Aula Newton*, a primeira de carácter permanente en España.

O compromiso de Tecnópole coa responsabilidade medioambiental foi notable. No 2007 ponse en marcha o programa de aforro enerxético e Tecnópole obtén certificacións de calidade UNE-EN ISO 9001:2000 e medio ambiente UNE-EN ISO 14001:2004. No 2008 nace o Centro de Experimentación en Enerxías Renovables CEER e ponse en marcha o servizo de transporte público para minimizar o uso de vehículos para o

desprazamento de traballadores entre Ourense e o Parque. Nesta mesma liña, Tecnópole participa no 2009 na Semana Europea da Mobilidade. No 2012ponse en marcha a primeira electrolínea gratuita de Galicia e tamén a primeira en funcionar con enerxía renovable 100%. No 2022 iníciáanse as actuacións para a implementación dun proxecto piloto do que será a primeira comunidade enerxética galega.

PLAN ESTRATÉXICO 2022-2025

O novo plan estratéxico de Tecnópole artículase en 5 estratexias que engloban as actividades xestión das instalacións ata o desenvolvemento da maraña empresarial. En primeiro lugar, está a estratexia de ocupación do espazo dispoñible, así como de todas as actividades operativas do Parque que permiten o seu correcto funcionamento e que preveñen a deterioración deste. Esta parte da estratexia é fundamental para o desenvolvemento do resto de actividades dentro do parque, xa que se non se conta cos servizos adecuados non é posible o desenvolvemento adecuado das empresas residentes.

O segundo pilar do plan estratéxico versa sobre as estratexias a seguir para o desenvolvemento empresarial das empresas residentes, para o que a sociedade xestora establece unha serie de servizos de valor agregado tendentes a facilitar e mellorar o desenvolvemento destas, poñendo a disposición tamén infraestruturas singulares que faciliten o desenvolvemento de certas actividades.

A terceira parte do plan céntrase no desenvolvemento de actividades de formación, comunicación e márketing moi necesarias para poñer en valor as actividades non só que desenvolve Tecnópole senón de maneira máis importante en axudar ás empresas a comunicar a súa proposta de valor. Aquí agrúpanse tamén as actividades de divulgación científico-tecnolóxica, así como as actividades relativas a mellorar a comunicación non tradicional co uso de redes sociais.

A cuarta estratexia céntrase na sostibilidade do Parque, xa que non só se considera importante o minimizar o impacto das súas actividades no medio ambiente, senón tamén, para atraer empresas que estean buscando espazos en lugares que non lles acheguen cota de CO₂ senón que buscan emprazamentos que diminúan a súa achega. Para logralo desenvólvense unha serie de medidas que procuran reducir o consumo enerxético á vez que se establecen as pautas para xerar enerxía para autoconsumo non só da sociedade xestora, senón tamén das empresas residentes.

Por último, e non de menos importancia están as actividades a realizar para o fomento da innovación, así como de transferencia de coñecemento desde as universidades. Dentro desta parte do plan tamén se inclúen as actividades de colaboración con asociacións empresariais nacionais e internacionais que

permiten establecer vínculos con empresas doutras rexións en busca de cooperación á innovación.

Estratexia de ocupación de espazo

Para o desenvolvemento do Parque é necesario contar con infraestruturas modernas que permitan prover ás empresas de servizos de calidade, así como evitar da mellor maneira posible que instalacións estean en desuso ou abandonadas.

Para afrontar estes retos establecéronse 4 metas que permiten establecer unha serie de actividades que melloran de maneira significativa o desenvolvemento do Parque e que se agrupan da seguinte maneira: Xestión do espazo dispoñible, mellora dos servizos públicos que ofrece a sociedade xestora, as infraestruturas enerxéticas que permitan a redución da pegada de CO₂ da sociedade xestora, así como das empresas residentes; e por último as infraestruturas de telecomunicacións tan necesarias neste mundo globalizado e interconectado.

Obxectivos xestión do espazo dispoñible

A utilización de todos os espazos dispoñibles no Parque é fundamental para a mellora da eficiencia da sociedade, así como para evitar a súa continua deterioración. Tamén é obxectivo desta meta equiparar a oferta de solo de Tecnópolis a outras ofertas públicas existentes, así como garantir o crecemento do Parque. A meta conta con 3 actuacións que se analizan a continuación:

- Edificacións sen uso e parcelas sen edificar.

Ao establecemento deste plan existen 3 edificios abandonados no recinto do Parque, correspondente a empresas e organismos que se declararon en concurso de acredores e cesaron a súa actividade: Tuconsa (cerrada hai máis de dez anos) Gaélica Solar e o edificio de incubación da Cámara de comercio sen actividade desde 2017 (e que se tratará máis adiante neste plan). A actuación concreta é lograr a venda destes edificios a novas empresas para que se instalen aí.

En canto ás parcelas vendidas por Patrimonio ou por Tecnópolis e que non desenvolveron o proxecto para o que foron vendidas hai 3: unha propiedade de Noroeste de Valor y Asociados, outra que era propiedade da confederación Hidrográfica Miño-Sil que non desenvolveu o seu proxecto do Centro de Control SAIH e que agora está transferido ao Ministerio de Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico sen proxecto para o seu desenvolvemento. Por último, está a parcela adquirida por Infinitus Rent que dada a crise do Coronavirus tivo que reenfocar a finalidade que tiña para esta parcela.

É fundamental que estas parcelas contén cun proxecto de desenvolvemento ou que sexan vendidas, polo que a actuación concreta será traballar cos propietarios para buscar unha saída.

En canto ao resto de parcelas, xa sexan propiedade de Patrimonio (Parque orixinal) ou de Tecnópolis (primeira ampliación xa executada) a actuación céntrase na busca de empresas ou centros tecnolóxicos para que desenvolvan os seus proxectos nelas. Como primeira actuación está a asignación da parcela 5C para construción do Centro de Excelencia en Ciberseguridade de Galicia, dependente de AMTEGA.

Para lograr que as parcelas propiedade de Tecnópolis teñan un prezo equivalente a aquelas que vende Patrimonio no mesmo recinto incluírase na lei de áreas empresariais unha mención que permita á sociedade xestora a venda de parcelas en iguais condicións daquelas de propiedade pública.

Por último, as instalacións deportivas de Tecnópolis ten enfocada a última actuación desta meta, que implica a recuperación do campo deportivo e as súas bancadas. Para logralo contarase co apoio da Federación Galega de Hockey, así como da Real Federación Española de Hockey que están moi interesados nas instalacións para poder traer competicións internacionais de alto nivel a Galicia.

- Novos espazos

A ocupación dos edificios xestionados por Tecnópolis encóntranse na súa máxima ocupación desde 2022, polo que é necesario contar con máis espazo para acoller aos emprendedores e ás pequenas empresas e para as cales actualmente non temos oferta. Tamén dentro desta actuación, encádrase a necesidade de contar con novos espazos para deter a perda de empresas ao alcanzar certo tamaño e é que a capacidade de crecer en niños é moi limitada e ao alcanzar un tamaño de traballadores, as empresas teñen como única alternativa dentro do Parque a de comprar unha parcela e edificar o seu propio inmovible. Dado o escaso interese das empresas por realizar este tipo de investimentos, optan por saír do Parque e instalarse en oficinas/naves de aluguer nos polígonos circundantes, así como na mesma cidade de Ourense.

É por isto que esta actuación recolle 3 tarefas de vital importancia, en primeiro lugar, a recuperación do edificio da Cámara de Comercio para o seu uso por emprendedores e pequenas empresas que requiran pouco espazo. O edificio conta con 16 oficinas e haberá que realizar un investimento para recuperar o edificio que ten xa 5 anos en desuso.

Para dar solución ao acomodo de medianas empresas é necesaria a construción dun bloque de edificios modulares de 500 m² cada un deles para recibir novas empresas medianas ou permitir o crecemento das que actualmente están nos 3 edificios xestionados polo Parque. Os módulos construíranse na parcela 2L que pola súa configuración ten moi limitada a posibilidade da súa venda. Este proxecto desenvolverase en fases.

Por último, é necesario contar cun espazo singular que nos permita usalo para os distintos eventos que se realizan en Tecnópole e que actualmente se soluciona alugando carpas, como por exemplo en Galiciencia ou nos eventos das aceleradoras empresariais que tivo o Parque. O obxectivo é construír un espazo diáfano en madeira para o que se pedirá a colaboración de Xera e do CIS Madeira.

- Segunda ampliación, convenio Xestur

A última actuación desta meta refírese á urbanización dos terreos de expansión cos que conta Tecnópole, para a que se firmou un protocolo de actuación co Concello de San Cibrao e Xestur, para que sexa Xestur a responsable da súa urbanización e parcelación, regresando á sociedade xestora un 18,72% do aproveitamento lucrativo resultante.

Obxectivos mellora servizos públicos:

Os obxectivos desta meta son lograr que Tecnópole conte con servizos de alta calidade e que as súas instalacións logren ser preservadas. Esta meta está dividida en dúas actuacións, a primeira relativa á mellora das zonas exteriores e unha segunda referida ás melloras no interior dos edificios xestionados.

- Melloras zonas exteriores

Esta actuación é necesaria para manter as instalacións públicas do Parque en óptimas condicións e que se expresan na mellora continuada das zonas axardinadas, a recollida selectiva do lixo, así como o mantemento dos viarios e beirarrúas.

Esta actuación tamén recolle a necesidade de dar por terminadas as obras de conexión de gas natural ás parcelas da primeira ampliación.

- Melloras en zonas comúns de Tecnópole

Esta actuación céntrase na necesidade de actualizar todos os sistemas do Parque que na súa maioría datan da súa inauguración hai 30 anos e que permitirán usar de maneira máis eficiente os recursos do Parque. En primeiro lugar, no referente a enerxía, é necesario o cambio das luces en interiores a tecnoloxía LED, así como a actualización dos cadros

eléctricos para cumprir coas novas normas da OCA e a recuperación dos grupos electrógenos.

Tamén é necesario mellorar a seguridade do recinto, instalando novos sistemas de acceso, así como contar cun sistema de cámaras de videovixilancia para o perímetro do recinto.

En canto aos equipos multimedia é necesaria a actualización dos sistemas de microfonía e proxección no salón de actos e nas salas de reunións do edificio CEI.

En canto ao mantemento dos edificios, é necesario remodelar os baños e a pintura interior. Tamén é necesaria unha actuación para reducir as goteiras que presentan os edificios.

Obxectivos mellora de infraestruturas enerxéticas

Un dos problemas máis importantes para as empresas do Parque é o aumento descontrolado que tivo a factura eléctrica, que á súa vez se ve impulsada polo maior interese destas en aliñarse cos obxectivos de desenvolvemento sostible establecidos pola ONU. Esta meta ten unha única actuación que é a creación dunha comunidade enerxética empresarial, que agrupe non só ás empresas que residen en edificios xestionados por Tecnópole, senón tamén para as empresas que contan con parcela propia. Ao ser a primeira comunidade que se creará en Galicia será necesario contratar unha empresa capaz de desenvolver o plan técnico da comunidade e por outra parte a estrutura legal desa comunidade. Esta última tarefa ao ser de interese non só para Tecnópole senón para futuros parques empresariais que queiran desenvolver comunidades similares, Inega farase cargo dos gastos desta segunda consultoría.

Obxectivos mellora de infraestruturas de comunicacións

A conectividade das empresas é fundamental para a súa operación, polo que os servizos que prove Tecnópole deben ser robustos e moi tolerantes a fallos. Esta meta inclúe unha actuación con varios ramais: En primeiro lugar, a mellora do CPD de Tecnópole, mellorando a instalación de cables estruturado con cables certificados, así como o cambio dos servidores que se utilizan para hospedar sistemas propios ou de empresas residentes e os eu servidor de backup. En canto ás comunicacións de fibra óptica cambiaranse os equipos que conforman o backbone do Parque, así como a conexión a internet, pasando dunha única liña de 1Gbps a dúas liñas conectadas a distintos provedores.

Estratexia de desenvolvemento empresarial

A estratexia de desenvolvemento empresarial é a parte central da estratexia, xa que o futuro de Tecnópolis non pode entenderse sen o desenvolvemento das empresas residentes neste, así como para a atracción de novas empresas. Nesta estratexia establecéronse 4 metas a conseguir e que versan sobre o desenvolvemento do emprendemento que non se desenvolveu desde o 2017 co peche da incubadora da Cámara de Comercio, o contar cun centro de negocios renovado, así como a aceleradora de internacionalización, unha carteira adecuada de servizos profesionais e a promoción de infraestruturas singulares que permitan a atracción de empresas e o seu desenvolvemento.

Obxectivos centro de emprendemento e de negocios

Como primeira actividade establécese un convenio con IGAPE-EOI para contar cun espazo de emprendemento grazas ao seu programa de Coworking. Este programa é xestionado integramente por estas institucións polo que Tecnópolis só pon o espazo de oficinas (a sala de Coworking do edificio Tecnópolis I).

En caso de contar co espazo da Cámara de Comercio reactivarase un centro de incubación/emprendemento propio que integre todos os servizos que ofrece actualmente Tecnópolis. En paralelo desenvolverase un centro de negocios acorde ás novas necesidades empresariais, que favoreza as novas formas de traballo incorporadas coa chegada do Coronavirus, como son o traballo a distancia.

Grazas á colaboración con IGAPE- AJE Ourense, establecerase un Polígono virtual que será unha plataforma de Internet na cal os emprendedores poidan contar co soporte en materias como son o asesoramento xurídico e legal, así como unha plataforma de ferramentas ofimáticas que lles facilite o desenvolvemento das súas actividades de emprendemento. O obxectivo desta plataforma é contar con 80 empresas dadas de alta no seu primeiro ano e totalizar ao final 300 empresas.

Por último, trabállase moi próximos coa Universidade de Vigo para recibir proxectos universitarios en Tecnópolis baixo o programa INCUVI Emprende, onde os estudantes reciben un espazo de traballo nas instalacións do Parque, así como os servizos de valor agregado sen custo. Fomentarase o crecemento desta iniciativa.

Obxectivos desenvolvemento do mercado internacional

Esta meta está instrumentalizada nunha única actuación que se desenvolve baixo convenio firmado con IGAPE-GAIN para a creación da aceleradora de internacionalización Galicia Avanza, que ten por obxectivo a aceleración da internacionalización de empresas con produtos innovadores no mercado. Dada a potencia desta aceleradora, non está limitada a empresas de

Tecnópole, senón que é unha iniciativa aberta a todas as empresas galegas innovadoras que requiren levar os seus produtos ao mercado exterior para fortalecer o seu crecemento.

O programa acelerará 30 empresas en cada convocatoria, na que recibirán un diagnóstico personalizado que permita establecer un itinerario para que as empresas poidan internacionalizarse. O valor da aceleradora está en que en lugar de deixar á empresa coa tarefa de desenvolver ese itinerario, Tecnópole contrata aos provedores de servizos necesarios para cumprir os obxectivos establecidos. O programa conta tamén cun módulo de méntoring así como actividades formativas de interese para as empresas participantes.

Por último, para finalizar o proceso realízase un evento de portas abertas onde as empresas poden mostrar as súas solucións, así como contar con charlas e mesas redondas de persoas recoñecidas polo seu traballo cara a internacionalización das súas empresas.

Obxectivos servizos profesionais

Adicionalmente aos servizos profesionais en funcionamento establécense catro actuacións en canto aos servizos profesionais que oferta Tecnópole ás empresas residentes. Un dos servizos fundamentais que requiren as empresas, é coñecer o grao de innovación das súas actividades, así como as posibles vantaxes fiscais destas. Os diagnósticos de innovación permiten á súa vez a Tecnópole ter un coñecemento maior das empresas para poder entender mellor o ecosistema local e poder buscar sinerxías entre elas.

Os servizos profesionais en funcionamento englobábase dentro da oficina técnica de proxectos e que permitirán ás empresas seguir recibindo servizos de apoio nas súas tarefas de innovación.

Grazas ás redes de asociacións ás que pertence Tecnópole é posible localizar partners tanto nacionais como internacionais para a súa participación en proxectos de maior alcance, como poden ser as convocatorias de innovación nacionais ou europeas. Esta cooperación empresarial analízase con maior detalle na estratexia de innovación.

Por último, dentro desta meta, buscarase reforzar a transferencia entre a universidade e as empresas. Tecnópole ten a fortuna de contar entre os seus accionistas coas tres universidades galegas, polo que o seu papel como enlace entre ambos debe ser unha prioridade. Dado o coñecemento adquirido cos diagnósticos e con reunións cos empresarios buscarase mapear as súas necesidades innovadoras coas actividades innovadoras que realizan as universidades. A creación do consello asesor de Tecnópole, proposto na estratexia de innovación axudará a ter unha canle de comunicación aberta coas universidades.

Obxectivos infraestruturas singulares

Tecnópolis conta cunha serie de infraestruturas singulares que deben ser utilizadas para o desenvolvemento e atracción de empresas á contorna do Parque. Estas infraestruturas poranse en valor coa colaboración con entes que permitan a súa máxima utilización.

Dentro destas instalacións destaca Tecmeva (Tecnoloxías Médicas de Vanguarda), quirófano e mesas de prácticas en técnicas cirúrxicas minimamente invasivas. Esta instalación singular reactivouse con formacións de empresas privadas para médicos cirurxiáns en varias especialidades. Para reforzar o uso de Tecmeva firmárase un convenio de colaboración con SERGAS e ACIS para o uso das instalacións por parte do CHOU no seu proceso de formación de profesionais en técnicas cirúrxicas con prácticas en cadáver ou en mamíferos (principalmente porcinos).

En canto ao laboratorio de biotecnoloxía a parte pública desta infraestrutura promocionárase para que poida ser utilizada polas empresas nos seus ensaios de laboratorio, grazas á pertenza de Tecnópolis no clúster empresarial Bioga.

A sala de coworking reactivárase coa nova actividade de emprendemento desenvolvida nesta estratexia. O espazo xa foi utilizado durante o desenvolvemento do espazo Coworking de IGAPE-EOI así como por profesionais independentes que buscan un lugar de traballo temporal en Ourense.

Por último, o Búnker de alta seguridade, instalación que Tecnópolis herdou da desaparición da empresa que instalou a infraestrutura no Parque, é unha infraestrutura de complexa utilización. O búnker conta cunha caixa blindada, así como as caixas necesarias para o transporte do material a protexer.

Estratexia de formación, comunicación e márketing

Esta estratexia ten como obxectivo a mellora na comunicación das actividades que realiza Tecnópolis e as súas empresas residentes, así como a agrupación das actividades de divulgación científico-tecnolóxica dentro dunha única marca Tecnópolis Divulga. Tamén forma parte desta estratexia a atracción de actos e eventos ás instalacións do Parque.

Obxectivos Tecnópolis Divulga

Todas as actividades de divulgación se agrupan nesta submarca. As novas actuacións de divulgación centraranse en consolidar a excelente reputación coa que contan todas elas e poder crecelas de maneira controlada. As catro actuacións de Tecnópolis Divulga son:

- Galiciencia

Esta feira científica para estudantes de primaria, secundaria, bacharelato, á que se agrega a participación de formación profesional conta cunha traxectoria iniciada en 2006, a última edición enfocouse en “Aeronáutica e Aeroespacial” coa colaboración da Universidade de Vigo Campus Ourense na que participaron 1.845 estudantes de maneira presencial. Espérase unha participación maior de FP para a seguinte edición en 2024 “Mellor, de Madeira”. Para próximas edicións tratarase de incluír un módulo formativo para os profesores.

- Aula Newton

A experiencia formativa instalada de maneira permanente en Tecnópolis grazas á colaboración de GAIN, a empresa norteamericana Boeing e a fundación norueguesa First Scandinavia. A actividade en funcionamento actualmente é “Voamos con números: unha aventura aérea”.

As actuacións para mellorar o número de alumnos que pasen pola experiencia, duplicando os días de apertura (de un a dous), personalizando a misión co apoio do centro integrado de atención de emerxencias de AXEGA (Axencia Galega de Emerxencias), aumentando o número de simuladores (de 3 a 4) e aumentando a dificultade dos retos físicos que se presentan aos estudantes. En próximas edicións incluírase un novo módulo de biotecnoloxía, outra das áreas de especialización do Parque.

- Aulas Tecnópolis e T2W

As actividades extraescolares das Aulas Tecnópolis para estudantes Ourenzáns seguen tendo moito éxito e ao igual que os campamentos tecnolóxicos de verán T2W, son actividades consolidadas nas que incorporamos a Aula Newton.

- Ciencia e Tecnoloxía en Feminino

En colaboración con APTE para o fomento de vocacións científicas e tecnolóxicas entre o público xuvenil feminino de estudos STEM. Preséntanse mulleres relevantes destes estudos para servir de referentes ás mozas científicas e tecnólogas.

Obxectivos comunicación e márketing

É necesario mellorar a comunicación das actividades que realiza Tecnópolis e as súas empresas residentes, así como contar cunha nova imaxe e páxina web acorde a esta nova estratexia.

- Servizo de difusión de notas de prensa

O servizo de difusión de notas de prensa de empresas residentes é un excelente servizo que xa se oferta ás empresas residentes desde hai anos, polo que o obxectivo é que as empresas fagan uso deste servizo.

- Redes sociais

Aumentar os seguidores das redes sociais, así como a separación das mensaxes de acordo ás audiencias de cada unha delas, dedicando algunhas para as tarefas de Tecnópole Divulga e outras con LinkedIn para a comunicación do Parque e das súas empresas.

- Nova mensaxe

Deseño dunha nova mensaxe acorde á nova estratexia de Tecnópole, cunha renovación da imaxe corporativa e que será implementada en fases.

- Nova páxina web

Creación dunha nova páxina web acorde aos novos formatos e acorde á nova imaxe de Tecnópole.

Obxectivos Actos e eventos

As instalacións de Tecnópole preparáranse para dar acollida a actos e eventos. A atracción destas actividades comporta a chegada de información/formación para as empresas residentes.

Coa próxima apertura do Centro de Excelencia en Ciberseguridade de Galicia, prevese a realización, previa á súa apertura de actividades vinculadas á ciberseguridade.

Por outra parte encóntranse as actividades de portas abertas de Galicia Avanza, que inclúe relatores con ampla experiencia na internacionalización das súas empresas.

Estratexia de sostibilidade

Cada vez máis, os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da ONU toman relevancia no quefacer das empresas, introducindo melloras nos seus procesos. Tecnópole comparte esa preocupación constante de minimizar a nosa pegada de carbón e o impacto das nosas actividades no medio ambiente e a sociedade.

O Parque está moi interesado en atraer empresas aliñadas nas súas actividades a estes ODS e ter unha contorna na que o autoconsumo e a economía circular sexan unha prioridade. Para comprender a situación de Tecnópole, a primeira actuación foi realizar un mapa de cumprimento actual dos ODS.

A segunda actuación enfócase en lograr diminuír a pegada de CO₂ e introducir a economía circular como variable na toma de decisións. O primeiro paso foi lograr que funcione o sistema de recollida selectiva de lixo, que non estaba dispoñible en Tecnópole, logrado grazas ao apoio da Deputación provincial de Ourense. Un segundo paso céntrase na diminución continuada dos consumos eléctricos, instalando luces led nos corredores e oficinas dos edificios xestionados. En terceiro lugar, reactivouse a electrolínea, fomentando entre os residentes, o uso de vehículos eléctricos.

Finalmente, o fomento ao autoconsumo implementárase coa creación da primeira comunidade enerxética empresarial de Galicia e que dará servizo a todas as empresas que están situadas en edificios xestionados por Tecnópole, así como unha vintena de empresas e centros tecnolóxicos.

En canto ao uso eficiente do transporte, implantárase un sistema que permita compartir vehículos entre residentes do Parque para diminuír a situación actual na que unha maioría do persoal se despraza soa no seu vehículo.

Por outra parte, contárase cun vehículo de aluguer por minutos en Tecnópole grazas a un convenio firmado entre o Concello de San Cibrao e o Polígono de San Cibrao.

Estratexia de innovación

A última estratexia do plan céntrase nas actividades de innovación e na que resalta a aliñación coa estratexia RIS3 Galicia 2021-2027 e os seus tres retos: o modelo de xestión de recursos naturais e culturais baseados en innovación, o modelo industrial baseado na competitividade e no coñecemento e finalmente o modelo de vida saudable baseado no envellecemento activo da poboación. As súas tres prioridades verticais, sostibilidade, dixitalización e persoas, son áreas nas que as empresas residentes en Tecnópole teñen unha ampla experiencia que debemos saber canalizar.

Dentro do proceso innovador, a transferencia do coñecemento forma un papel moi relevante e que xeralmente provén do ámbito universitario ou de centros de investigación. A creación do Consello Asesor de Tecnópole no que se pedirá a participación das tres universidades galegas, así como representantes de empresa, permitirá

non só configurar os plans anuais do Parque coa súa perspectiva e retroalimentación, senón que servirá de ponte entre as universidades e Tecnópolis, para finalmente chegar ás empresas residentes.

Outra actuación de grande importancia é a participación naqueles foros onde se está impulsando a innovación, non só a nivel estatal, senón tamén internacional, con especial foco en Europa. Esta actuación está enfocada nas seguintes institucións:

- APTE: Asociación de parques tecnolóxicos de España. Incorporación no comité executivo. Participación en: Disruptive, Transfiere e as súas asembleas. Participación en todos os seus grupos de traballo.
- IASP: Asociación internacional de parques científicos e áreas de innovación. Participación nos encontros iberoamericanos e nas conferencias europeas da asociación.
- Red iberoamericana de Parques. Acabada de crear a súa primeira reunión foi en Santiago nas oficinas de GAIN que foi o anfitrión. O obxectivo desta reunión foi a preparación de recomendacións sobre o papel dos Parques para a conferencia de Ministros de innovación iberoamericanos.
- AMETIC: Asociación do sector TIC en España. Asistencia ao AI Summit e á súa conferencia anual en Santander. Participación en varios grupos de traballo.
- BIOGA: Clúster tecnolóxico empresarial das ciencias da vida de Galicia. Participación nos seus actos e asembleas.